

PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

NON ÁS REVALIDAS

.....pai, nai ou titor/a da alumna
ou alumno do centro.....quere facer
constar

O total rexeitamento á proba de avaliación individualizada á que vai ser sometido o
meu fillo/a os días 27 e 28 de maio, entre outras razóns, porque:

- É unha aberración desde o punto de vista pedagóxico someter o alumnado de 8 anos a unha presión innecesaria, mediante unha proba que o vai avaliar baixo estándares uniformizados, sen considerar a educación como un proceso no que hai que avaliar e considerar as circunstancias persoais, socioeconómicas, capacidades e actitudes do alumnado.
- Limitase a avaliar o ámbito lingüístico e matemático, menosprezando a adquisición doutras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico, musical e físico e refusando o ensino da nosa historia e medio natural, imprescindíbeis para a formación integral do alumnado.
- Despreza a avaliación continua e a opinión do equipo docente. Ninguén mellor que o titor ou titora ou o equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado e dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.
- Subestima e desconfía do traballo do profesorado que estará sometido e totalmente condicionado a orientar o seu traballo docente a preparar o alumnado para a obtención da mellor nota posíbel na avaliación final, marxinando outros aspectos educativos fundamentais nesta etapa educativa.
- Responde á pretensión de conformar rankings de centros, segundo os resultados destas avaliacións e sen ter en conta as características do alumnado e os servizos cos que conta o centro, co obxecto de ir configurando unha rede elitista de centros que contará con máis medios e recursos.
- Pretende ir afirmando un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que vai excluindo os sectores máis desfavorecidos da educación.
- Supón tamén un despropósito, xa que os estudos de aprendizaxe que se pretenden avaliar corresponden aos tres primeiros cursos de primaria e o alumnado que vai sufrir as probas só cursou terceiro da LOMCE.
- A Consellaría de Educación malgasta o diñeiro público, malia as múltiples carencias dos centros.

Ao mesmo tempo reclamo a destrución dos datos de carácter persoal que van constar no ficheiro denominado avaliación do sistema educativo. Prégolle que teña a ben trasladar este escrito ao conselleiro Educación.

.....,de maio de 2015

Asdo:.....

AO DIRECTOR/A DO